

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS NO ANO 2025.

No lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991).

E doutra, María Pilar Farjas Abadía co DNI 17862794M, que actúa en nome e representación en calidade de directora da entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, co NIF R1500053B e domicilio social na R/ Carreira do Conde nº 14 de Santiago de Compostela, facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio de escritura pública de poder autorizada o 21 de



decembro de 2023 polo notario de Santiago de Compostela Victor-Jose Peon Rama, baixo o número 2499 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**SEGUNDO.** Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**TERCEIRO.** Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo, entre outras, as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos



comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

**CUARTO.** Que Caritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Relixiosas co número 341-SE/C e recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-137. A entidade ten entre as súas funcións a defensa das familias na súa integridade e das familias monoparentais en particular.

**QUINTO.** Que o artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros e no artigo 9 establece como grupos de familia de especial consideración as familias monoparentais.

Que o programa de apoio ás familias monoparentais de Caritas Diocesana de Santiago de Compostela é un programa que se desenvolve dende o ano 2001, prestando un apoio específico, cualificado, personalizado e integral ás familias monoparentais no seu itinerario de inclusión laboral e na necesidade de apoio familiar.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade , a través da Dirección Xeral competente en materia de familia , está interesada en apoiar esta actuación mediante a concesión directa dunha subvención a través da sinatura dun convenio de colaboración.

Caritas Diocesana de Santiago de Compostela leva a cabo un programa específico dirixido ás familias monoparentais que contempla unha intervención integral nos ámbitos formativo-laboral, sociofamiliar, educativo e de saúde



Tendo en conta o carácter integral da actuación e a especificidade da mesma que vai dirixida ás familias monoparentais non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

Aos efectos da concesión dunha subvención pública cúmprense os seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Caritas Diocesana de Santiago de Compostela para o financiamento a través da concesión dunha subvención pública dun programa da entidade que ten como finalidade a prestación de apoio ás familias formadas por unha única persoa proxenitora con fillos e/ou fillas menores ao seu cargo, mediante o establecemento de accións específicas cuxo obxectivo é o de potenciar a autonomía das familias monoparentais, favorecer a incorporación da persoa responsable da familia ao mundo laboral, a súa asistencia a actividades de formación laboral e/ou formación continua, posibilitar o autoemprego, promover a inserción e permanencia laboral das mulleres soas



con responsabilidades familiares e favorecer a súa promoción profesional así como previr situacións de risco social e axudar á crianza dos nenos e nenas favorecendo a súa socialización.

## **SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

A entidade Caritas Diocesana de Santiago de Compostela artellará as seguintes actuacións que forman parte do programa a subvencionar:

a) Área formativa e laboral:

1º. Orientación, asesoramento e seguimento, realizando a selección de ofertas de emprego, redacción de currículos vitae e divulgación de cursos formativos.

2º. Derivacións aos recursos de emprego e de formación da nosa contorna e coordinación cos mesmos.

3º. Desenvolvemento de obradoiros de estratexias de busca de emprego.

4º. Implementación de accións que melloran a empregabilidade: Organización de obradoiros de alfabetización, clases de español para inmigrantes, preparación para as competencias clave e probas da ESO, encontros formativos e outras accións.

b) Área de conciliación familiar, actuacións dirixidas a garantir un servizo de apoio á familia no coidado das persoas menores xerando un apoio para a asistencia das familias a actividades formativas, entrevistas de traballo ou desenvolver á súa actividade profesional así como promover a igualdade de oportunidades sociais e laborais posibilitando a conciliación familiar e laboral.



c) Área sociofamiliar:

1º. Acompañamento integral a cada un dos membros da unidade familiar adaptado ás específicas circunstancias que atravesará cada familia ao longo do tempo.

2º. Intervención familiar consistente en atencións individuais e traballo socio-educativo nas áreas da economía familiar, crianza das persoas menores, vivenda e outras accións de mellora na súa estabilidade familiar e económica, previndo ou evitando que xurdan ou se agraven situacións de vulnerabilidade ou risco social.

d) Área educativa:

1º. Actuacións que reforzan as habilidades sociais e condutas positivas.

2º. Acompañamento escolar desenvolvendo actividades de motivación cara ao estudo, seguimentos escolares e apoio nas dificultades de aprendizaxe, ofrecéndolles unha igualdade de oportunidades e orientación na diferentes opcións que teñen na súa promoción educativa.

3º. Accións preventivas en coordinación cos centros escolares consistentes en acompañamento das familias aos centros escolares, reunións con titores/as e demais persoal docente, departamento de orientación, así como coas unidades de Acompañamento Familiar e Persoal que actúan como canle de comunicación directa entre os centros educativos, familias, administracións e outras entidades, co fin de mellorar a atención educativa dos menores, evitar o fracaso escolar e prever o abandono temperá do sistema educativo formal.

e) Área de saúde:

1º. Reforzo de prácticas diarias e promoción de hábitos de vida saudable.



2º. Transmitir a importancia das revisións sanitarias de cada un dos membros da familia.

3º. Promover obradoiros de saúde e alternativas de ocio saudable en familia na súa contorna.

### **TERCEIRA. ORZAMENTO**

1. A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar ten previsto desenvolver Caritas Diocesana de Santiago de Compostela ascende á cantidade de 64.765,84€.

2. Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará un total de trinta e dous mil euros (32.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento destinado á Dirección Xeral competente en materia de familia da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2025:

Aplicación orzamentaria	Ano 2025
08.02.312B.481.0	32.000 €

3. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso pode supor beneficio económico para a entidade coa que se subscribe este convenio.

### **CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS**

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.



O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

## QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser entidade beneficiaria da axuda, Caritas Diocesana de Santiago de Compostela deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a seguir se relacionan, entre outros:

- a) Non ter sido condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarada insolvente en ningún procedemento, non ter sido declarada en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme ao Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundida da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a entidade beneficiaria, os seus administradores ou aqueles que ostenten a súa representación legal nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa





Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño-ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A entidade debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. No ámbito da comunidade autónoma, debe facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención da Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

c) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como





se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

## **SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES**

1. Consideráanse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do programa





subvencionado a través deste convenio, descritas na cláusula segunda de acordo coa desagregación que figura no seguinte cadro:

<b>Gastos de persoal</b>	
Salarios	23.000,00 €
Seguridade Social Empresa	7.000,00 €
<b>Outros gastos</b>	
Subministracións (electricidade, auga, gas, telefono.)	600,00 €
Outros servizos ( material, limpeza )	1.400,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>32.000 €</b>
Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.	

2. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

3. As actividades do programa das que deriven os gastos a subvencionar serán as comprendidas entre o 1 de xaneiro do ano 2025 e o 15 de decembro do ano 2025.





4. A **data límite de xustificación** será o **15 de decembro do ano 2025**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais no ano 2025 liquidables con posterioridade á data de xustificación estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

5. Considerase **gasto realizado** o que foi efectivamente **pagado** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

## SÉTIMA. FORMA DE PAGAMENTO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do importe total da subvención concedida poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% do importe restante aboarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao programa, na que conste:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como necesarias para a realización das actividades a desenvolver dentro do programa que se subvenciona a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes



que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

2º. Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento, mediante a achega de xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

3º. Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, a entidade provedora, o importe, co IVE detallado, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% do importe restante, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos aos que se refire o número 2, unha memoria das actuacións a subvencionar a través do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos así como os medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.



No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral competente en materia de familia, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. A entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.



## **OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO**

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto no artigo 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

## **NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO**

1. Para garantir a correcta execución e seguimento deste convenio, créase unha comisión de seguimento a que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento do mesmo, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión contará coa seguinte composición:

- Dúas persoas en representación da Consellería de Política Social e Igualdade e, no seu caso, as respectivas suplentes designadas pola persoa titular da Consellería.



- Dúas persoas en representación da entidade Caritas Diocesana de Santiago de Compostela e, no seu caso, as respectivas suplentes designadas pola persoa que a represente.

Presidirá a dita comisión unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de familia.

A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle a quen designe a persoa titular da presidencia da comisión de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de familia. Contará con voz pero sen voto.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.

3. Esta comisión rexerá en canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos polo presente convenio e no seu defecto pola normativa vixente en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS**

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre as persoas que van desenvolver as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Igualdade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



## DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con



todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

## **DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

1. Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co





disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

### **DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro e demais normativa de aplicación.

Este convenio esta excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

### **DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓNS LITIXIOSAS**

Correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou se o acto non o fora, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto ou directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no





prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vida administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

### **DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2025. Non obstante, abranguerá os gastos das accións obxecto do programa que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2025.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital.

A Conselleira de Política Social e Igual-  
dade

Fabiola García Martínez

A directora de Caritas Diocesana de  
Santiago de Compostela

( Poder outorgado en escritura de  
poder 21.12.2023)

María Pilar Farjas Abadía

